

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

9109 Orde EHA/1421/2009, do 1 de xuño, pola que se desenvolve o artigo 82 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do Mercado de Valores, en materia de información relevante.

Desde a transposición da Directiva 2003/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, sobre as operacións con información privilexiada e a manipulación do mercado e da Directiva 2003/124/CE da Comisión, do 22 de decembro de 2003, sobre a definición e revelación da información privilexiada e a definición de manipulación de mercado, a normativa comunitaria sobre abuso de mercado encóntrase plenamente asentada no noso ordenamento xurídico, ao igual que sucede nos demais Estados membros da Unión Europea. Desta forma existe un conxunto de medidas harmonizadas tendentes a perseguir e eliminar prácticas relacionadas coa utilización de información privilexiada e a manipulación de cotizacións que, en definitiva, son condutas que constitúen abuso de mercado.

A normativa española sobre abuso de mercado encóntrase, en primeiro lugar, no capítulo II do título VII da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. O desenvolvemento regulamentario do anterior recóllese no Real decreto 1333/2005, do 11 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de abuso de mercado, que regula certos extremos do réxime de información relevante, así como a Orde ECO/3722/2003, do 26 de decembro, sobre o informe anual de goberno corporativo e outros instrumentos de información das sociedades anónimas cotizadas e outras entidades, na cal se regula o relativo á difusión deste tipo de información nas páxinas web dos emisores de valores.

Xa no relativo a esta orde ministerial, hai que facer referencia ao artigo 82 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, que se refire, entre outras cuestións, á consideración de información relevante e aos obrigados a difundila, faculta no seu punto 5 o ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para desenvolver os procedementos e as formas de efectuar as comunicacións sobre información relevante, determinar o prazo durante o cal se publicará nas páxinas da internet dos emisores a información relevante, así como para precisar os demais extremos a que este se refire.

Co obxecto de dar cumprimento a estes preceptos, dítase esta orde que determina e concreta cuestións relacionadas coa comunicación de información relevante. Así, establécense en primeiro lugar os parámetros para a mellor identificación da información relevante, evitando así a recepción por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores de información deficiente ou excesiva, desde o punto de vista cuantitativo, ou non pertinente, desde o punto de vista cualitativo. Ademais, fíxanse os principios e deberes de actuación dos emisores cando publican e comunican información relevante, establécense os requisitos do contido da comunicación e concrépanse certas condicións aplicables aos casos en que a información relevante estea relacionada con proxeccións, previsións ou estimacións de magnitudes contables, financeiras ou operativas.

Merece especial atención a obriga de que o emisor designe un interlocutor ao cal a Comisión Nacional do Mercado de Valores poida consultar ou solicitar información sobre a difusión da información relevante. Por último, precísanse algúns casos en que se considera que se está a incumprir a obriga de facer pública e difundir a información relevante inmediatamente, tal e como se establece no artigo 82.2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Finalmente, esta orde dítase en uso das habilitacións contidas no artigo 82.5 da Lei 24/1988, do 24 de xullo, do mercado de valores.

Na súa virtude, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto desenvolver os procedementos e formas de efectuar as comunicacións de información relevante, ás cales se refire o artigo 82 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en diante, Lei do mercado de valores.

2. O disposto nesta orde será de aplicación ás comunicacións de información relevante que realicen os emisores de valores, de acordo co establecido no artigo 82 da Lei do mercado de valores.

3. Consideraranse incluídas nas comunicacións a que se refire o punto anterior as relativas a información sobre feitos ou decisións posteriores que resulten significativos e que traian causa, sexan consecuencia ou continuación, entrañen cambio ou de calquera forma completen, alteren ou poñan fin á información relevante inicialmente comunicada.

4. Esta orde non será de aplicación aos feitos relevantes das institucións de investimento colectivo reguladas pola Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, que se rexerán polo establecido na devandita lei e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 2. *Identificación da información relevante.*

1. Sen prexuízo das facultades que o artigo 89 da Lei do mercado de valores lle outorga á Comisión Nacional do Mercado de Valores, os emisores de valores identificarán os feitos, decisións ou conxunto de circunstancias que teñan a consideración de información relevante. Para valorar o grao de relevancia potencial dunha información e a súa posible identificación como información relevante os emisores de valores utilizarán, entre outros, os seguintes criterios:

a) A magnitude relativa do feito, decisión ou conxunto de circunstancias na actividade do emisor.

b) A relevancia da información en relación cos factores determinantes do prezo dos valores emitidos, distinguindo en particular se se trata de valores de renda fixa ou de renda variable.

c) As condicións de cotización dos valores emitidos.

d) O feito de ter considerado relevante no pasado información de tipo similar ou que os emisores do mesmo sector ou mercado a publiquen habitualmente como relevante.

e) O efecto de variación nos prezos que tivo a información do mesmo tipo difundida no pasado.

f) A importancia que outorgan as análises externas existentes sobre o emisor a ese tipo de información.

g) A existencia de indicios racionais, no suposto de que se produza unha evolución anormal dos volumes contratados ou dos prezos negociados durante as fases de estudo ou negociación de calquera tipo de operación xurídica ou financeira que poida influír de xeito apreciable na cotización dos valores ou instrumentos financeiros afectados, de que a devandita evolución se está a producir como consecuencia dunha difusión prematura, parcial ou distorsionada da operación.

2. Habíltase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para detallar unha relación indicativa e non exhaustiva dos supostos que se consideran información relevante, que se poderá realizar por tipoloxía de instrumentos financeiros. Na devandita lista poderanse incluír, entre outros, supostos relacionados con: acordos estratéxicos e operacións corporativas; información relativa a estados financeiros do emisor ou do seu grupo consolidado; información sobre convocatorias e asuntos oficiais; e información sobre alteracións significativas de factores relacionados coas actividades do emisor e o seu grupo.

Artigo 3. *Principios e deberes xerais de actuación.*

Os emisores de valores, ao cumpriren as obrigas que se establecen nesta orde, deberán:

1. Actuar con neutralidade, aplicando os mesmos criterios ás informacións relevantes con independencia de que poidan influír de xeito favorable ou adverso na cotización dun valor.
2. Facer pública e difundir inmediatamente ao mercado e simultaneamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores toda información relevante tan pronto como sexa coñecido o feito, se adoptase a decisión ou se asinase o acordo ou contrato con terceiros de que se trate, con independencia de que a información relevante se orixinase ou non no seo do emisor.
3. Nos supostos a que se refire o artigo 82.3 in fine da Lei do mercado de valores, comunicar á Comisión Nacional do Mercado de Valores a información relevante antes da súa publicación. Para estes efectos, entenderase que a información relevante pode perturbar o normal desenvolvemento das operacións sobre os valores do emisor ou poñer en perigo a protección dos investidores cando sexa previsible que a súa difusión ao mercado provoque alteracións extraordinarias dos prezos de cotización.
4. De acordo co disposto no punto terceiro da Orde ECO/3722/2003, do 26 de decembro, sobre o informe anual de goberno corporativo e outros instrumentos de información das sociedades anónimas cotizadas e outras entidades, os emisores de valores deberán difundir a través das súas páxinas web os feitos relevantes.

Artigo 4. *Criterios xerais relativos ao contido das comunicacións de información relevante.*

1. O contido da comunicación será veraz, claro e completo. A información exporase de forma neutral, sen parcialidade ou xuízos de valor que prexulguen ou distorsionen o seu alcance.
2. O contido da información relevante, sempre que sexa posible, deberá cuantificarse, indicando, se é o caso, o importe correspondente. Cando se trate de datos aproximados, os emisores de valores especificarán esta circunstancia e, nos casos en que sexa posible, achegarán un rango estimado.
3. Incluíranse nas comunicacións de información relevante os antecedentes, referencias ou puntos de comparación que se consideren oportunos, co obxecto de facilitar a súa comprensión e alcance.
4. Nos supostos en que a información relevante obxecto de comunicación faga referencia a decisións, acordos ou proxectos cuxa efectividade estea condicionada a unha autorización previa ou posterior aprobación ou ratificación por parte doutro órgano, persoa, entidade ou autoridade pública, especificarase esta circunstancia.
5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores establecerá mediante circular o procedemento, os medios e os modelos que se deberán seguir para a comunicación de información relevante á devandita comisión e, de ser o caso, para a súa difusión ao mercado, así como o contido e os criterios para a clasificación da comunicación da información relevante.

Artigo 5. *Información relevante relativa a proxeccións, previsións ou estimacións.*

1. Cando un emisor faga públicas proxeccións, previsións ou estimacións de magnitudes contables, financeiras ou operativas, cuxo contido teña a consideración de información relevante, deberá respectar as seguintes condicións:

- a) As estimacións ou proxeccións de magnitudes contables, suxeitas ás hipóteses ou supostos básicos utilizados para o seu cálculo, deberán ter sido elaboradas de forma coherente coas normas e principios contables aplicados na formulación das contas anuais, e deberán ser susceptibles de comparación coa información financeira publicada no pasado e coa que posteriormente deba facer pública o emisor.

b) Este tipo de información deberá ser claramente identificada como tal, especificando que se trata de estimacións ou proxeccións do emisor que, como tales, non constitúen garantías dun futuro cumprimento e que se encontran condicionadas por riscos, incertezas e outros factores que poderían determinar que os desenvolvementos e resultados finais difiran dos contidos nesas proxeccións, previsións ou estimacións.

c) Deberase distinguir con claridade se o que se comunica son obxectivos operativos ou meras estimacións ou previsións sobre a evolución esperada do emisor. Así mesmo, deberase identificar o horizonte temporal a que se refiren as estimacións ou previsións proporcionadas e especificar as hipóteses ou supostos básicos en que se fundamentan.

2. Cando un emisor de valores difundise publicamente proxeccións, previsións ou estimacións, deberá considerar en todo caso como información relevante as desviacións substantivas que se produzan e se identifiquen respecto dos datos difundidos.

Artigo 6. *Designación de interlocutores autorizados.*

1. Os emisores de valores designarán polo menos un interlocutor ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para responder de forma efectiva e coa suficiente celeridade as consultas, verificacións ou peticións de información relacionadas coa difusión da información relevante. Así mesmo, os emisores de valores comunicarán á devandita comisión calquera cambio que se produza en relación cos interlocutores designados.

2. Os interlocutores que designen os emisores de valores deberán reunir as seguintes condicións:

a) Contar con facultades e capacidade efectiva para responder oficialmente en nome do emisor e coa suficiente celeridade aqueles requirimentos que lle dirixa a Comisión Nacional do Mercado de Valores a mercado aberto.

b) Ter acceso aos administradores e directivos do emisor, en caso necesario, co obxecto de contrastar efectivamente e coa suficiente celeridade calquera información que a Comisión Nacional do Mercado de Valores requira en relación coa difusión de información relevante.

c) Resultar localizables en todo momento desde unha hora antes da apertura dos mercados secundarios oficiais en que o emisor en cuestión teña admitidos valores a negociación, ata dúas horas despois do seu peche.

3. A Comisión Nacional do Mercado de Valores establecerá o procedemento, prazos e contido da comunicación dos interlocutores designados polo emisor así como da súa actualización.

Artigo 7. *Incumprimento da obriga de difundir información relevante.*

Considerarase en todo caso que un emisor de valores incumpe o establecido no artigo 82 da Lei do mercado de valores cando, sen comunicalo de forma simultánea á Comisión Nacional do Mercado de Valores, difunda información relevante a través de:

1. Reunións con investidores ou accionistas, teñan ou non unha participación significativa no capital da entidade, sen prexuízo da información que se lles revele, se é o caso, por razón do seu cargo de administradores.

2. Presentacións a analistas de investimentos.

3. Xornalistas e, en xeral, profesionais dos medios de comunicación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Habílitase a Comisión Nacional do Mercado de Valores para que dite cantas normas sexan precisas para a aplicación práctica do disposto nesta orde, establecendo, entre

outras cuestións, os mecanismos e modelos de comunicación de información relevante por vía telemática.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 1 de xuño de 2009.-A vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda, Elena Salgado Méndez.